



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Dirección financeira | Código | 611507008 | |
| Titulación | | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Empresa | | | |
| Coordinación | Fernandez Castro, Angel Santiago | Correo electrónico | angel.fernandez.castro@udc.es | |
| Profesorado | Alvarez Dominguez, Maria America | Correo electrónico | america.alvarez@udc.es | |
| | Fernandez Castro, Angel Santiago | | angel.fernandez.castro@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia pretende achegar aos estudantes as competencias necesarias que lle facilitan a elaboración do plan financeiro dunha empresa. A partir do proxecto empresarial que desenvolven no primeiro cuatrimestre do mestrado, deberán tomar decisións no ámbito financeiro para elaborar os estados financeiros previsionais que permitirán avaliar a viabilidade do proxecto empresarial e a súa capacidade de xeración de valor para o accionista. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|--|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Comprender como debe organizarse a función contable para proporcionar a información necesaria no ámbito interno e a demandada polos terceiros alleos á empresa. Entender a importancia da información económico-financiera para a xestión da empresa. | AP8 AP9 AP10 AP15 AP21 AP22 | BP3 BP4 BP9 BP10 |
| Comprender a lóxica financeira na análise dos problemas e situacións e na toma de decisións empresariais | AP8 AP9 AP10 | BP2 BP6 BP7 BP8 BP14 | CP4 CP5 CP6 CP7 CP9 CP10 CP11 |
| Tomar decisións no contorno económico-financiero no que opera a empresa e avaliar as súas implicacións en relación ao resto de áreas funcionais. | AP8 AP9 AP10 | BP11 BP12 | CP1 CP2 CP3 CP8 |



| | | | |
|---|-----------------------------------|--|--------------------|
| Comprender as vinculacións existentes entre a formulación dun plan financeiro, a súa implantación e control. | AP2 AP8 AP9 AP10 AP11 | BP1 BP4 BP6 BP7 BP8 BP9 BP10 BP14 | CP4 CP5 |
| Proximidade ao mundo profesional, desenvolvendo unha tarefa que lles permita decidir se dende o punto de vista económico-financeiro se pode levar a cabo unha iniciativa empresarial. | AP8 AP9 AP10 | BP4 BP6 BP8 | CP4 CP7 CP11 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| Lectura e interpretación da información contable histórica. Análise da información contable. | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |
| Información contable previsional. Utilidade para determinar la viabilidade económica financeira e a creación de valor dun proxecto. | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |
| Decisións vinculadas ás actividades da explotación: ingresos e gastos | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |
| Decisións de capital corrente | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |
| Decisións de investimento | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |
| Decisións de financiamento | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |
| Os fluxos de tesouraría | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |
| Viabilidade económica financeira e creación de valor a partir do plan financeiro | Especificaranse na aula en función dos casos para a analizar |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A2 A8 A9 A10 A11 B14 C1 C7 | 12 | 12 | 24 |
| Estudo de casos | A2 A8 A9 A10 A11 A15 A21 A22 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B14 C1 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 | 18 | 54 | 72 |
| Discusión dirixida | C2 C3 C4 C5 C6 | 6 | 18 | 24 |
| Presentación oral | A9 A10 B4 C4 C5 C6 C10 | 4 | 12 | 16 |
| Análise de fontes documentais | A9 A10 | 1 | 3 | 4 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | O profesorado introducirá os conceptos financeiros e contables necesarios para o desenvolvemento dos casos. |



| | |
|-------------------------------|---|
| Estudo de casos | Os grupos de traballo asignados resolverán cuestións de carácter económico- financeiro do proxecto que se lles asigne ao comezo do cuadrimestre. Será o profesor/a quen asesore ao alumnado sobre cuestións económico/financeiras que faciliten que poidan desenvolver o plan financeiro obxectivo da materia. Ademais as TIC seran unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento dos proxectos. |
| Discusión dirixida | A partir do intercambio de ideas dos estudantes guiados por unha metodoloxía inducida polo docente, deberán formular unha discusión fundamentada orientada á toma de decisións. |
| Presentación oral | Os estudantes de maneira individual ou en grupo deberán defender na aula a validez das decisión adoptadas dentro dos problemas que se identifiquen. |
| Análise de fontes documentais | Os estudantes deberán adquirir habilidades no manexo de diferentes fontes documentais e bases de datos que lles axuden no proceso de formulación e resolución dos problema. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Discusión dirixida Presentación oral Análise de fontes documentais Estudo de casos | <p>O profesorado organizará sesións de tutoría individual e en grupo para clarificar e discutir os diferentes aspectos dos traballos e casos, profundar en contidos de maneira específica e resolver dúbidas. O profesorado ademais de atender ás cuestións expostas polos estudantes en cada unha das clases, atenderaos de forma máis ampla e personaliza nas sesións de tutorías.</p> <p>Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: No caso de alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberán informar ao comezo do curso. Empregarase a plataforma Moodle e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, tutorías e a entrega de traballos. Acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, mais terán a mesma obriga de realizaren actividades e de acudir a calquera tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo. Nos horarios de tutoría o alumno será atendido para aclarar aquelas dúbidas que lle xurdan para a preparación da materia.</p> <p>As tutorías serán a través de TEAMS.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------|--|--|---------------|
| Estudo de casos | A2 A8 A9 A10 A11 A15 A21 A22 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B14 C1 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 | <p>Valorarase a capacidade do alumno para aplicar a metodoloxía do caso empregando os coñecementos específicos desta materia.</p> <p>Terase en conta o traballo desenvolvido polo grupo, así como a achega individual e o aproveitamento acadado por cada un dos seus membros.</p> | 100 |
| Outros | | | |

Observacións avaliación

| |
|--|
| O traballo en equipo debe ser realizado de forma equitativa por todos os seus membros, evitando a descompensación nas achegas individuais ao grupo. No caso de que algún membro non realice a súa correspondente contribución ao equipo, non poderá superar a materia en primeira oportunidade; en segunda oportunidade e na Convocatoria Extraordinaria terá que elaborar pola súa conta toda a tarefa asignada ao equipo, expoñéndoa en caso necesario. Para todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica? , ?dedicación ao estudo? , ?permanencia? e ?fraude académica? seguirase a normativa académica vixente da UDC. |
|--|

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Berk, J.; DeMarzo, P. (2017). Finanzas Corporativas. Pearson- Brealey, R.; Myers, S.; Allen, F. (2010). Principios de Finanzas Corporativas. McGraw-Hill, 9ª Ed.- Durbán, S.; Irimia, A.I.; Oliver, M.D.; Palacín, M.J. (2009). Planificación financiera en la práctica empresarial. Ediciones Pirámide, Madrid.- IGAPE (). Crear unha empresa. http://www.igape.es/gl/crear-unha-empresa/crear-unha-empresa <p>Ademáis, será o propio estudante quen busque as referencias documentais e materiais bibliográficos para resolver os problemas que se lle formulen. Adicionalmente os docentes proporán materiais concretos ao longo do desenvolvemento da materia.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos
2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.
3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.
5. Outras: No escenario docente semipresencial, combinaríanse sesións presenciais e en liña, seguindo as instrucións da institución. O uso de dispositivos electrónicos (ordenadores, tabletas e teléfonos) na aula poderán autorizarse exclusivamente para usos académicos.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías